

AGENCIA GALLEGA DE LAS INDUSTRIAS CULTURALES	
Organismo: Agencia Gallega de las Industrias Culturales	
Capítulo: OTRAS DISPOSICIONES	

(Para cubrir en el « Diario Oficial de Galicia »)

SUMARIO

Resolución do 11 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT207E).

TEXTO:

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Neste sentido, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), no exercicio das súas competencias e consciente da importancia de establecer medidas de estímulo á creación, ten como obxectivo promover a xeración de novas propostas narrativas de especial valor cinematográfico co propósito de contribuír ao enriquecemento cultural do país a través das distintas formas de expresión audiovisual, podendo, para o logro dos seus obxectivos, conceder subvencións.

Con estas axudas, a Axencia quere impulsar a creación de obras audiovisuais en galego a través do apoio á escrita de guións, á realización e posproducción de curtametraxes e á produción de longametraxes, co fin último de promover ao sector creativo da industria audiovisual galega e, ao mesmo tempo, contribuír ao cumprimento das tarefas que a Lei do audiovisual atribúe ao sector na normalización da lingua galega.

De acordo co anterior

RESOLVO:

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión, e réxime de concorrência competitiva, das axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego, e proceder á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT 207E).

Artigo 2. Persoas beneficiarias.

Poderán ser persoas beneficiarias, sempre que cumpran cos requisitos establecidos no artigo catro das bases reguladoras:

- 1.As persoas físicas residentes, cando menos durante un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE, ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.
2. As persoas físicas autónomas ou xurídicas que estean constituídas como produtora independente no momento de presentar a solicitude e sexan residentes, cando menos durante un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE, ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

Artigo 3. Solicitudes

1. Para poder ser persoa beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 10 das bases reguladoras e cumprir cos requisitos establecidos nelas .
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes dende o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3. En relación coa presentación das solicitudes, as persoas beneficiarias ás cales vai dirixida esta convocatoria de subvencións, que sexan persoas físicas, encádranse nun colectivo especialmente cualificado en canto á súa capacidade técnica e dedicación profesional que acredita a posibilidade e dispoñibilidade de acceso aos medios electrónicos e, polo tanto, teñen a obriga de empregalos para a realización de calquera trámite deste procedemento administrativo, tal e como establece o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia

Artigo 4. Prazo de duración do procedemento de concesión

As solicitudes serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras e non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao remate de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. Financiamento

Para a concesión destas subvencións destínanse 194.000 euros con cargo ao orzamento da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2023.

Artigo 6. Información ás persoas interesadas

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega das Industrias Culturais, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais: <http://agadic.gal>

b) Os teléfonos 881 99 60 77 /881 99 60 78.

c) No enderezo electrónico agadic@xunta.gal.

d) Persoalmente.

e) Na guía de procedementos e servizos administrativos no enderezo <http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas físicas e as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Artigo 7. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
- b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

Artigo 8. Base de Datos Nacional de Subvencións

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023

O presidente da Axencia Galega das Industrias Culturais

Román Rodríguez González

ANEXO I

Bases reguladoras das axudas á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego convocadas para o ano 2023 (Código de procedemento C207E)

Artigo 1. Obxecto

O obxecto destas bases é regular as subvencións establecidas pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) para o apoio á creación de obras audiovisuais con decidida vocación artística e cultural e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes a cargo de creadores/as individuais, e a posproducción de curtametraxes e realización de longametraxes a cargo de empresas individuais ou produtoras, e proceder á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT207E).

Artigo 2. Réxime das subvencións e principios de xestión

1. Estas axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos. O importe total das axudas de mínimos concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.
2. Estas subvencións son incompatibles con outras axudas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e dos seus organismos dependentes para o mesmo proxecto.
3. Porén, estas subvencións son compatibles con outras axudas para o mesmo proxecto do resto da Administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, e con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade. A suma das distintas axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicas ou privadas para a mesma finalidade non pode superar o 100 % do custo do proxecto subvencionado.
4. Nos anexos da presente resolución deberase cumprimentar a declaración das axudas percibidas polas persoas solicitantes.
5. A xestión destas subvencións realizarase polo procedemento de concorrència competitiva e de acordo cos seguintes principios:
 - a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
 - c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

Artigo 3.- Modalidades de proxectos subvencionables

1. Esta convocatoria de subvencións ten diferentes modalidades que se determinan de seguido:

- a) Modalidade A: Subvencións para proxectos de guión de obras orixinais ou adaptación de obras literarias para longametraxes cinematográficas de ficción ou animación escritas en galego.
- b) Modalidade B. Subvencións a curtametraxes. Esta modalidade consta de dúas submodalidades:

B1: Axudas a curtametraxes sobre proxecto en versión orixinal galega cunha duración inferior a 60 minutos.

B2: Axudas a curtametraxes en construción que estean gravados en versión orixinal galega, teñan unha duración inferior a 60 minutos e realicen os traballos de posproducción en Galicia.

- c) Modalidade C: Subvencións a proxectos de longametraxes cinematográficas en versión orixinal galega cunha duración igual ou superior aos 60 minutos, que se correspondan con propostas de especial valor artístico creativo e/ou empreguen novas formas de linguaxe audiovisual e/ou adopten fórmulas narrativas non convencionais, e que contén cunha persoa responsable da dirección que non dirixise ou codirixise máis de dúas longametraxes cualificadas para a súa explotación comercial en salas de exhibición cinematográfica.

2. Cada proxecto só poderá estar inscrito nunha modalidade.

3. Se o proxecto se presenta á submodalidade B2 de curtametraxes en construción non pode contar cunha subvención previa outorgada en anteriores convocatorias de axudas da Agadic, en calquera das liñas existentes.

Artigo 4. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas todas as persoas físicas residentes, cando menos durante un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE, ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

2. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas autónomas ou xurídicas que estean constituídas como produtora independente no momento de presentar a solicitude e sexan residentes, cando menos durante un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE, ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea.

3. As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos específicos:

3.1. Proxectos da modalidade A (proxectos de escrita de guión), unicamente poderán presentarse aquelas persoas físicas que poidan acreditar a súa vinculación coa realización dunha obra audiovisual ou ben a súa formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual.

3.2. Para proxectos da modalidade B:

Proxectos da submodalidade B1 (realización de curtametraxe) unicamente poderán presentarse aquelas persoas físicas que exerzan como director ou directora da obra.

Proxectos da submodalidade B2 (curtametraxes en construción) a persoa beneficiaria terá que ser persoa autónoma ou empresa, en ambos casos constituída como produtora audiovisual.

3.3. Proxectos da modalidade C (longametraxes), a persoa beneficiaria terá que ser persoa autónoma ou empresa, en ambos casos constituída como produtora audiovisual.

4. Non poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. Financiamento, réxime de concesión, contías e límites

1. Para a concesión das subvencións destínase un crédito global de 194.000 euros, con cargo ás seguintes aplicacións do orzamento da Axencia Galega das Industrias Culturais:

Aplicación orzamentaria	Ano 2023	Ano 2024
10.A1.432B.480.0	66.000,00 €	-
10.A1.432B.770.0	15.000,00 €	113.000,00 €

Código de procedemento 2015-00003

2. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tras a declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución dos créditos establecida nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

3. O crédito distribuirase entre as distintas modalidades, cun importe máximo de subvención, tal como se reflicte no cadro seguinte:

	Contía máxima da subvención	N.º de proxectos subvencionables	Total
Modalidade A	5.000 €	6	30.000 €
Submodalidade B1	6.000 €	6	36.000 €
Submodalidade B2	4.000 €	2	8.000 €
Modalidade C	40.000 €	3	120.000 €
Total		17	194.000 €

Artigo 6. Gastos subvencionables

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen dentro do período de execución establecido na presente convocatoria e se xustifiquen e acrediten o seu pagamento con antelación á data de xustificación da subvención.

2. Para os efectos desta convocatoria, se consideran gastos subvencionables os relativos á realización dos traballos de finalización da curtametraxe e á realización da longametraxe. Tamén terán a consideración de gastos subvencionables os gastos de amortización de material informático e audiovisual directamente relacionado coa realización do proxecto obxecto da subvención, de duración superior a un exercicio anual, ata un máximo do 5% do importe da subvención sempre que se cumpra coas seguintes normas:

2.1. A adquisición do material deberá producirse durante o período subvencionable.

2.2. Para o cálculo do importe que se amortizará, dividirase o custo do ben entre 60 meses e o resultado multiplicarase polo número de meses que dure a produción.

2.3. Será imprescindible a presentación da correspondente factura de compra dos bens que se pretendan amortizar ou copias, así como a xustificación do seu pagamento ou copias.

3. Así mesmo terán a consideración de gastos subvencionables os correspondentes á asesoría xurídica ou financeira, gastos financeiros e gastos notariais ou rexistrais cando estean estreitamente vinculados á realización do proxecto subvencionado.

4. Non serán gastos subvencionables:

4.1. O importe do imposto sobre o valor engadido e outros impostos de carácter recuperable.

4.2. Os gastos suntuarios, as gratificacións, as provisións de gastos e as capitalizacións.

5. Os gastos deberán corresponder ao período subvencionable, que comprende desde o 1 de xaneiro de 2023 ata a data máxima de xustificación establecida nas presentes bases para cada modalidade:

- Modalidades A e B1: 15 de outubro de 2023

- Modalidades B2 e C: 31 de xullo de 2024

Artigo 7. Subcontratación

1. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese que unha persoa beneficiaria subcontrata cando concerta con outros produtores a execución total ou parcial da actividade subvencionable. Para determinar a existencia de subcontratación, atenderase ao obxecto social do produtor co que se pretenda contratar a actividade.

2. Non se considera subcontratación a contratación de calquera actividade ou servizos de produción con profesionais ou empresas en cuxo obxecto social non se inclúa a produción cinematográfica.

3. Admitirase a subcontratación de actividades e servizos con produtores co límite máximo do 40 por cen do custe subvencionable da película, sempre que as actividades e servizos sexan subcontratadas con máis dunha empresa e sen que, en ningún caso, podan incluírse facturas relativas a gastos de persoal.

4. Non se admitirá a subcontratación de persoal, excepto dos equipos de figuración e especialistas.

Artigo 8. Presentación de solicitudes

1.As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

2.De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. En relación coa presentación das solicitudes, as persoas beneficiarias ás cales vai dirixida esta convocatoria de subvencións, que sexan persoas físicas, encádranse nun colectivo especialmente cualificado en canto á súa capacidade técnica e dedicación profesional que acredita a posibilidade e dispoñibilidade de acceso aos medios electrónicos e, polo tanto, teñen a obriga de empregalos para a realización de calquera trámite deste procedemento administrativo, tal e como establece o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

3. Cubriranse no anexo II, entre outras, as seguintes declaracións responsables:

Que en relación a Submodalidade B1 (curtametraxes sobre proxecto), de ser o caso:

- A persoa solicitante non figura como persoa responsable da dirección de ningunha longametraxe realizada.

- A persoa solicitante non recibiu axudas á realización de curtametraxes en anteriores convocatorias da Xunta de Galicia ou da Agadic.

Que en relación á Modalidade C (longametraxe), de ser o caso:

- A persoa responsable da dirección do proxecto que se presenta non recibiu subvencións á realización de longametraxes en anteriores convocatorias da Xunta de Galicia ou da Agadic.

Artigo 9. Prazo de presentación das solicitudes e emenda

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non estivera debidamente cuberta, non se achegase a documentación esixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a persoa interesada será requirido para que no prazo de 10 días hábiles,

contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei.

Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo II) a seguinte documentación :

1.1. Se a persoa solicitante é persoa xurídica:

1.1.1. Certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade.

1.1.2. Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.

1.2. Se a persoa solicitante está domiciliada fóra da Comunidade Autónoma de Galicia (nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea), certificado de empadramento.

1.3. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude, de ser o caso.

1.4. Documentación acreditativa de ter autorización expresa da persoa propietaria dos dereitos da obra preexistente, de ser o caso.

Esta documentación terá a consideración de obrigatoria aos efectos de admisión da solicitude, quedando inadmitidas as solicitudes que non a presenten.

2. As persoas solicitantes deberán enviar a seguinte documentación específica:

2.1. Modalidade A: escrita individual de guión en galego para longametraxe cinematográfica de ficción ou animación.

2.1.1. Historial profesional da persoa solicitante.

2.1.2. Documentación que acredite a vinculación da persoa solicitante coa realización dunha obra audiovisual anterior (figuración nos créditos oficiais, contrato cunha empresa do ámbito audiovisual), ou ben a súa formación académica no ámbito da creación ou produción audiovisual, ou ben a participación en cursos ou obradoiros relacionados coa escrita de guion.

2.1.3. Memoria explicativa do proxecto cunha extensión de entre 250 e 750 palabras, que inclúa as intencións do/a autor/a con respecto a obra así como as accións previstas de cara o seu desenvolvemento.

2.1.4. Sinopse argumental cunha extensión máxima de 250 palabras.

2.1.5. Tratamento secuenciado do proxecto de guión, cunha extensión de entre 2.500 e 5.000 palabras.

2.1.6. Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

Modalidade B: curtametraxes sobre proxecto e curtametraxes en construción

2.2. Submodalidade B1 (curtametraxes sobre proxecto):

2.2.1. Memoria explicativa do proxecto, cunha extensión de entre 250 e 750 palabras, na que consten as intencións artísticas do/a autor/a e a proposta de promoción e distribución da curtametraxe.

2.2.2. Sinopse do proxecto, cunha extensión de 250 palabras

2.2.3. Guión definitivo, técnico ou literario, da película.

2.2.4. Calendario e plan de produción.

2.2.5. Curriculum do equipo técnico-artístico.

2.2.6. Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto

2.3. Submodalidade B2 (curtametraxes en construción)

2.3.1. Memoria explicativa do proxecto, cunha extensión de entre 250 e 750 palabras, na que consten as intencións artísticas do/a autor/a e a proposta de promoción e distribución da curtametraxe.

2.3.2. Sinopse do proxecto cunha extensión máxima de 250 palabras.

2.3.3. Ligazón ao primeiro corte da curtametraxe, con chave de acceso.

2.3.4. Calendario e plan de remate dos traballos de montaxe e posprodución.

2.3.5. Orzamento do proxecto segundo o modelo publicado na páxina Web da Agadic.

2.3.6. Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

2.4. Modalidade C: longametraxe

2.4.1. Historial profesional do director ou directora.

2.4.2. Historial, acompañado das cartas de compromiso correspondentes, das persoas profesionais que compoñen o equipo creativo, técnico e artístico que intervirán na produción, se é o caso: guionista, persoas responsables de: produción executiva, composición da banda sonora, dirección de fotografía, montaxe, dirección de arte, dirección de son, actores e actrices así como outras persoas profesionais que se queiran engadir por achegar valor á produción.

2.4.3. Unha memoria asinada polo director ou directora da película na que describirá, entre outros aspectos, as súas intencións artísticas, a proposta estética e o carácter innovador do proxecto en canto a temática e narrativa.

2.4.4. Sinopse argumental dun máximo de 250 palabras.

2.4.5. Guión definitivo do proxecto, ou tratamento, de ser o caso.

2.4.6. Cronograma do proxecto, e breve descrición dos plans de produción, localizacións e rodaxe.

2.4.7. Orzamento do proxecto (segundo o modelo publicado na páxina web da Agadic)

2.4.8. Descrición das intencións en canto á promoción e difusión da obra.

2.4.9. Calquera outra documentación que a persoa solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de modo presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI ou NIE da persoa solicitante
- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da entidade solicitante
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesión pola regra de mínimos

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electrónicamente accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 14. Instrución do procedemento

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instructor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1º Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2º Requirit das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.

3º Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir datos e información complementaria ou aclaratoria necesaria ás persoas interesadas, a persoas profesionais expertas así como a outros servizos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que derivasen destas bases. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nestas bases e na de concesión da subvención.

Artigo 15. Comisións de Valoración

1. Para a avaliación dos proxectos presentados constituiranse dúas comisións de valoración nomeadas pola persoa titular da Dirección da Agadic, que serán os encargados de valorar as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios fixados nas presentes bases.

2. A condición de persoa membro da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que formen parte da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria e absteranse se se dan algunha das circunstancias do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. As comisións de valoración terán a consideración de órganos colexiados e estarán constituídas por:

A primeira comisión estará formada polos seguintes vogais: unha persoa do cadro de persoal da Agadic e dous dos profesionais expertos no ámbito do audiovisual que avaliarán os proxectos presentados á modalidade A-escrita de guión e C-realización de longametraxe.

A segunda comisión estará formada polos seguintes vogais: unha persoa do cadro de persoal da Agadic, e os outros dous profesionais expertos no ámbito do audiovisual que avaliarán os proxectos presentados á modalidade B de curtametraxes sobre proxecto e curtametraxes en construción.

A presidencia das dúas comisións recaerá na persoa responsable da Dirección da Agadic e a Secretaría, que será común para as dúas comisións, será desempeñada por unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que non terá dereito a voto.

4. A comisión de valoración, previamente á cualificación das solicitudes, levantará acta concretando os criterios subxectivos definidos nestas bases para aplicalos de xeito semellante aos solicitantes. Asemesmo, tras a súa avaliación deixarán constancia documental nun informe motivado onde se relacionarán os proxectos examinados por orde de prelación, coa puntuación de cada un dos criterios e para cada unha das solicitudes, sinalando os proxectos subvencionables que obteñan maior puntuación: 6 proxectos da modalidade A, 6 proxectos da submodalidade B1, 2 proxectos da submodalidade B2 e 3 proxectos da modalidade C.

5. Entre os proxectos propostos para ser subvencionados, farase a seguinte reserva:

- Dos seis proxectos subvencionables da modalidade B1, catro estarán reservados para aquelas persoas solicitantes que non figuren como persoa responsable da dirección de ningunha longametraxe realizada e que non teñan recibido axudas á realización de curtametraxes en anteriores convocatorias da Xunta de Galicia ou da Agadic, sen prexuízo de reasignar as adxudicacións entre as demais persoas solicitantes se non hai suficientes proxectos que acaden a puntuación esixida.

- Dos tres proxectos da modalidade C reservaranse dous proxectos para aquelas solicitudes cuxo responsable da dirección non teña recibido subvencións á realización de longametraxes en anteriores convocatorias da Xunta de Galicia ou da Agadic.

6. Elaborarase unha listaxe de reserva co resto de actuacións avaliadas para seren atendidas de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou de incrementarse os créditos orzamentarios destinados a estas subvencións.

Artigo 16. Criterios de valoración

1. Os criterios de valoración que aplicará a comisión serán os seguintes:

MODALIDADE A: proxectos de guión	MÁXIMO 30 PUNTOS
a) Interese e orixinalidade da proposta: Creatividade do argumento, universalidade da temática, aspectos singulares con respecto a obras xa existentes, potencial contribución á diversidade cinematográfica.	Ata 10 puntos, atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
b) Calidade: calidade da proposta, valor artístico do tratamento, traballos previos de investigación e recompilación de información realizados, intencións en canto a traballos de desenvolvemento, indicación do <i>target</i> de público obxectivo para o contido proposto.	Ata 10 puntos, atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
c) Idoneidade: Idoneidade da proposta para a súa translación á linguaxe audiovisual e para a produción dunha longametraxe cinematográfica.	Ata 4 puntos, atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
c) Contribución cultural definida a través dos seguintes parámetros:	6 puntos se o proxecto

que contribúa ao enriquecemento da cultura audiovisual galega, que poña en valor o talento creativo e artístico galego, que sexa unha adaptación dunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega, que aborde temas actuais culturais, sociais ou políticos relacionados con Galicia, que a acción se desenvolva en Galicia, que utilice referencias ao patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego.	cumpre dous dos parámetros que se detallan
MODALIDADE B: CURTAMETRAXES	
B1: REALIZACIÓN DE CURTAMETRAXES SOBRE PROXECTO	MÁXIMO 30 PUNTOS
a) Calidade e creatividade da proposta: terase en conta a relevancia e orixinalidade da temática, a estética, o valor artístico , o seu carácter arriscado e innovador, a contribución á diversidade cinematográfica e o potencial de circulación.	Ata 15 puntos atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
b) Viabilidade cinematográfica: teranse en conta as posibilidades de realización da proposta en base a súa temática e o grao de dificultade en canto a localizacións e equipo técnico e artístico para levala a cabo.	Ata 5 puntos atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
c) Contribución cultural definida a través dos seguintes parámetros: que contribúa ao enriquecemento da cultura audiovisual galega, que poña en valor o talento creativo e artístico galego, que sexa unha adaptación dunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega, que aborde temas actuais culturais, sociais ou políticos relacionados con Galicia, que a acción se desenvolva en Galicia, que utilice referencias ao patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego.	10 puntos se o proxecto cumpre dous dos parámetros que se detallan
B2: CURTAMETRAXES EN CONSTRUCCIÓN	MÁXIMO 35 PUNTOS
a) Calidade e creatividade do material fílmico presentado: terase en conta a relevancia e orixinalidade da temática, a estética, o valor artístico , o seu carácter arriscado e innovador, a contribución á diversidade cinematográfica e o potencial de circulación.	Ata 15 puntos atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión
b) Traballos de remate e posproducción propostos e adecuación ao orzamento presentado.	Ata 5 puntos con motivación da comisión
c) Plan de lanzamento e difusión da película: terase en conta a presentación dunha estratexia e a coherencia das accións deseñadas para a difusión da obra	Ata 5 puntos con motivación da comisión
d) Contribución cultural definida a través dos seguintes parámetros: que contribúa ao enriquecemento da cultura audiovisual galega, que poña en valor o talento creativo e artístico galego, que sexa unha adaptación dunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega, que aborde temas actuais culturais, sociais ou políticos relacionados con Galicia, que a acción se desenvolva en Galicia, que utilice referencias ao patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego.	10 puntos se o proxecto cumpre dous dos parámetros que se detallan
MODALIDADE C: LONGAMETRAXES	MÁXIMO 35 PUNTOS
a) Calidade e creatividade da proposta: terase en conta a relevancia e orixinalidade da temática, a creatividade, a estética proposta, o valor artístico, o carácter arriscado e innovador da obra en canto a linguaxe e narración e a súa contribución á diversidade	Ata 15 puntos atendendo aos parámetros descritos e con motivación da comisión

cinematográfica. Terase en conta tamén a composición do equipo técnico e artístico do do proxecto.	
b) Deseño de produción e adecuación do orzamento ao proxecto presentado.	Ata 5 puntos con motivación da comisión
c) Potencial de circulación da obra e plan de lanzamento. Valorarase a presentación dunha estratexia e a coherencia entre o proxecto e as accións deseñadas para a súa difusión.	Ata 5 puntos con motivación da comisión
d) Contribución cultural definida a través dos seguintes parámetros: que contribúa ao enriquecemento da cultura audiovisual galega, que poña en valor o talento creativo e artístico galego, que sexa unha adaptación dunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega, que aborde temas actuais culturais, sociais ou políticos relacionados con Galicia, que a acción se desenvolva en Galicia, que utilice referencias ao patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego.	10 puntos se o proxecto cumpre dous dos parámetros que se detallan

Artigo 17. Resolución da convocatoria

1. Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e do informe da comisión avaliadora, ditará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas, o importe da subvención correspondente a cada unha delas, as solicitudes inadmitidas e denegadas e a súa causa e a elevará á Presidencia da Agadic.

2. Á vista da proposta, o presidente do Consello Reitor da Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do acordo de data 24 de xullo do 2012 (DOG 164, do 29 de agosto) deberá ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Esta resolución deberase ditar e notificar no prazo máximo de cinco meses, contados desde o día seguinte ao fin do prazo de presentación de solicitudes, será motivada e fará mención expresa, das solicitudes inadmitidas, as desistidas, das persoas beneficiarias, do importe da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención e o seu carácter de “axuda de mínimos” en aplicación do Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1). , así como a desestimación do resto das solicitudes que non resulten beneficiarias, con indicación das súas causas.

3. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

Artigo 18. Notificacións.

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. Obrigas das persoas beneficiarias.

1. As persoas beneficiarias destas axudas adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño , de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da presente convocatoria :

a) Cumprir o obxectivo e realizar a actuación subvencionada de conformidade co proxecto presentado ou, se é o caso, ao modificado coa autorización da Agadic.

b) Sen prexuízo dos deberes dispostos no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias das subvencións quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos e levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado. Calquera alteración relevante do proxecto, cambio de título, modificación substancial de contidos ou cambios nos responsables do equipo técnico notificarase con anterioridade á Agadic, que adoptará as medidas que considere procedentes.

c) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

d) Notificar á Agadic as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.

e) Proporcionar en todo momento a información que sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Agadic, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou do Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

f) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades subvencionadas. Igualmente, a persoa beneficiaria comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice a imaxe corporativa da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, dispoñibles no web da Xunta de Galicia.

g) Nas modalidades B (B1, B2) e C, nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar, centrado e en cartón único: “coa subvención de Xunta de Galicia”, utilizando a imaxe gráfica corporativa que se descargará da páxina web da Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>.

Artigo 20. Xustificación

1. Os gastos xustificados deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais na resolución de concesión da subvención e responder, de maneira indubidable, á natureza da actividade subvencionada.

2.O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións ou reasignacións, de ser o caso, autorizadas. No suposto de que o importe correctamente xustificado sexa inferior ao orzamento presentado coa solicitude, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

3. Solo se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na normativa reguladora da subvención.

De conformidade co disposto na Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de Empresas que modifica os artigos 13 e 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cando a persoa beneficiaria dunha subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables deberán ser aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial, ou no seu defecto nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e no suposto de subvencións superiores a 30.000 euros, non poderán obter a condición de persoa beneficiaria no suposto que incumpran os prazos citados.

Dita circunstancia deberase acreditar coa presentación da conta perdas e ganancias abreviada, e no suposto que non poida presentarse acreditarase cunha certificación emitida polo auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, ditarase a oportuna resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O órgano concedente da subvención terá a obriga de comprobar o cumprimento pola persoa beneficiaria dos requisitos establecidos nas bases reguladoras para proceder ao pagamento das subvencións incluíndo no expediente un certificado acreditativo da verificación realizada e o alcance das comprobacións practicadas de conformidade co artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo sétima.

Igualmente, será requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada a xustificación e o debido cumprimento da totalidade das obrigas económicas e de actividades correspondentes ás subvencións que sexan concedidas pola Agadic durante o exercicio 2023.

6. A persoa beneficiaria deberá presentar dentro do prazo de xustificación, a memoria xustificativa da realización do proxecto de creación audiovisual, que conterá:

6.1. Unha memoria de actuación con indicación das actividades realizadas para a escrita do guión, realización da curtametraxe, finalización da curtametraxe, realización de longametraxe e realización de webserie, segundo proceda.

6.2. Os seguintes materiais:

6.2.1. Dúas copias do guión definitivo no caso da modalidade A. O guión debe presentarse en galego normativo e a súa extensión corresponderase á dunha produción cinematográfica de longametraxe.

6.2.2. Dúas copias no caso das curtametraxes da modalidade B (B1 e B2). Unha delas deberá ser en DCP e a outra en soporte USB, que permita a lectura nun ordenador.

6.2.3. Unha copia en DCP e unha copia en soporte USB que permita a lectura nun ordenador, no caso das modalidade C (longametraxes).

6.3. Unha copia da inscrición no Rexistro de Propiedade Intelectual.

6.4. Autorización para a socialización da actividade subvencionada con fins culturais e de promoción do audiovisual galego, por parte da Axencia Galega das Industrias Culturais.

6.5. Declaración actualizada sobre subvencións solicitadas, percibidas ou concedidas e pendentes de percepción para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das

axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os dous últimos exercicios fiscais, e durante o exercicio fiscal en curso, ou ben declaración de que a información facilitada ao respecto na solicitude non sufriu variacións desde a data da súa presentación (anexo III).

6.6. Ademais do anterior, para as modalidades B2 e C, unha memoria económica, que se corresponderá co orzamento presentado e que conterá:

6.6.1. Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos que inclúa o número de documento, identificación do acredor, o importe e a data de emisión, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE.

6.6.2. Copia das facturas ou documentos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (BOE núm. 289, do 1 de decembro de 2012.), de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e copia dos documentos xustificativos do seu pagamento, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior. Non se terán en conta os pagamentos en efectivo

6.6.3. Contratos mercantís e relativos á adquisición de dereitos.

6.6.4. Xustificantes do ingreso na Facenda pública das cantidades retidas á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes aos contratos formalizados, de acordo coas porcentaxes de retención legalmente establecidas, así como, se é o caso, os xustificantes de pagamento das cotas da Seguridade Social correspondentes aos ditos contratos.

7. Completarase a xustificación da subvención unha vez que a Agadic deposite unha das copias da obra entregadas na Filmoteca de Galicia, como unidade adscrita á Axencia. O persoal técnico da Filmoteca emitirá un informe conforme a obra se corresponde co proxecto presentado e cumpre cos requisitos establecidos polas bases da convocatoria, que se incorporará ao expediente administrativo.

8. Prazos de xustificación anuais e finais da subvención:

	Prazo de xustificación
Modalidade A Submodalidade B1	15 de outubro de 2023

	Anualidade 2023	Anualidade 2024 (final)
Submodalidade B2 Modalidade C	1 de decembro 2023	31 de xullo de 2024

9. A xustificación parcial da anualidade realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

9.1 Memoria do estado de execución do proxecto.

9.2 Declaración actualizada sobre subvencións solicitadas, percibidas ou concedidas e pendentes de percepción para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime de minimis durante os dous últimos exercicios fiscais, e durante o exercicio fiscal en curso, ou ben declaración de que a información facilitada ao respecto na solicitude non sufriu variacións desde a data da súa presentación (anexo III).

9.3 Memoria económica segundo o apartado 6.6 do presente artigo.

10. As persoas beneficiarias que non xustifiquen a anualidade correspondente nas datas sinaladas nin solicitaran a reasignación da subvención, perderán o dereito ao cobro do importe non xustificado en tempo e forma.

Artigo 21. Pagamento

1.O pago de cada anualidade se realizará unha vez recibida a documentación xustificativa da subvención e realizadas as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada polos órganos competentes da Axencia.

2.Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custe inferior ao inicialmente previsto e sempre que esta minoración, debidamente xustificada pola entidade beneficiaria, non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

3. Previamente ao pago as persoas beneficiarias acreditarán que se atopan ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñen pendente de pago ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e non son debedores por resolución de procedencia de reintegro.

4. Para estes efectos, se a persoa beneficiaria se opón á consulta ou denega expresamente a autorización para que sexa o órgano xestor quen recabe esta información, deberá achegar ditas certificacións, de conformidade co disposto no artigo 11.2.

Conforme o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se as actuacións de oficio realizadas polo órgano instrutor, desen como resultado que as persoas beneficiarias teñen débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requiriráselle que regularice a súa situación e presente por si mesma os correspondentes certificados.

Artigo 22. Pagos anticipados

1. As persoas ou entidades beneficiarias, unha vez ditada a resolución de concesión da subvención, poderán solicitar un anticipo de ata o 50% da subvención concedida, ao abeiro do disposto no artigo 63 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

2. As persoas ou entidades beneficiarias que reciban pagos anticipados, cando este excedan a cantidade de 18.000 euros deberán constituír unha garantía, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110% do importe do anticipo, e deberá alcanzar, como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación.

Artigo 23. Pagamentos á conta

1. As persoas ou entidades beneficiarias, unha vez ditada a resolución de concesión da subvención, poderán solicitar pagamentos a conta, tal e como se recolle no artigo 62 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o que poderá supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A porcentaxe máxima dos pagos á conta non excederá do 50% do importe da subvención concedida nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

2.As persoas ou entidades beneficiarias que reciban pagos á conta, cando este excedan a cantidade de 18.000 euros deberán constituír unha garantía, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110% do importe do anticipo, e deberá alcanzar, como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación, agás nos casos establecidos no artigo 65.4 i).

3. O importe conxunto dos pagos á conta e dos anticipados, que no seu caso, se concederan non poderán ser superiores ao 80% da subvención concedida, nin excederá na anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Artigo 24. Modificación da resolución

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais poderá modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención de conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

2. A persoa beneficiaria ten a obriga de solicitar á Agadic a modificación, de ser o caso, sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas pola Agadic. As alteracións non autorizadas, ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

3. Non se aceptarán modificacións que afecten os requisitos para poder optar ás subvencións esixidos na base cuarta da presente resolución.

4. En canto ao resto das modificacións solicitadas, a Agadic poderá acordar, de xeito motivado, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das alteracións.

5. A distribución de anualidades adxudicadas poderá modificarse, logo de solicitude da persoa beneficiaria na cal motive suficientemente a alteración, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias, e mediante resolución motivada do director da Agadic. A modificación da repartición entre anualidades esixirá a tramitación da correspondente modificación do expediente de gasto, de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

6. A reasignación de anualidades debe solicitarse, como mínimo, cun mes de antelación á data de xustificación da anualidade na que se pretende facer efectiva á reasignación.

Artigo 25. Reintegro

1.O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar ao reintegro, total ou parcial, das contías percibidas, así como os xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 26. Publicidade

No prazo máximo de tres meses, contados dende a data de resolución da concesión, publicarase no Diario Oficial de Galicia a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia, e será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Agadic.

Artigo 27. Normativa aplicable

A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto na presente Resolución aprobatoria das bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2023, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, así como os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, a Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Lei

4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a Lei 55/2007, de 28 de decembro, do Cine e demais normativa de xeral aplicación.

Disposición adicional primeira. Habilitación para o desenvolvemento Facúltase a persoa titular da Dirección da Agadic para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e a aplicación destas bases.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023

D. Román Rodríguez González

Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais